

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O
DIA OITO DE ABRIL DE DOUS MIL DEZASEIS.

No salón de sesións da casa do concello, sendo as once horas trinta minutos, do día oito de abril de dous mil dezaseis, reúnen-se os membros da Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do señor alcalde, don Darío A. Piñeiro López, para realizar sesión ordinaria, coa seguinte asistencia, dona Begoña López Magdalena, don Pablo Rivera Capón e don José Manuel García Aldegunde.

Actúa como secretaria, Mónica Vázquez Fandiño.

Aberto o acto pola presidencia procede a tratarse o seguinte

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión de data 18-03-2016.

Polo señor Alcalde-presidente pregúntase aos membros da xunta de goberno local se teñen algunha alegación que facer en relación coa redacción da acta da sesión epigrafada, non producíndose ningunha a acta é aprobadas por unanimidade.

2.- Licenza de obra maiores.

2.1.- Solicitud de licenza de don Teófilo Sobrado Farelo para construción dunha nave almacén agrícola, en Leirado

Visto o informe emitido polo arquitecto colegiado nº 4289, asesor municipal e que resulta do seguinte teor literal:

“Refª.0160303-1

*Expediente de autorización das obras de construción dunha **nave almacén agrícola**, no lugar de Leirado, parroquia de San Pedro de Armea de Arriba, Concello de Láncara, provincia de Lugo, segundo o proxecto redactado polo Enxeneiro Técnico Agrícola : Dñ. Marta López Cepeda, colexiado nº 793 del Colexio de Ingenieros Técnicos Agrícolas de Lugo, e que promove D. Teofilo Sobrado Farelo, con D.N.I.: 76.576.878-B. Presentando ante este concello un PROXECTO DE ALMACÉN AGRÍCOLA con a finalidade de obter as oportunas licencias urbanísticas.*

D. José Ángel López Pérez, Arquitecto colexiado nº 4289, en calidade de técnico municipal do Concello de Láncara, en relación o asunto de referencia, INFORMO:

1º Que o promotor: D. Teófilo Sobrado Farelo, pretende mellorar a conservación da maquinaria da explotación gandeira, polo que se piden as licenza urbanísticas para a realización das obras:

Construción dunha nave agrícola para almacenamento de maquinaria cunha superficie de 330 m², unhas dimensións aproximadas debido a irregularidade da planta de:

35,67 x 10,5 m, unha altura: 5 m, e un presuposto de execución material de: 32.255,05 €.

2º A finca sobre a cal se pretende intervir esta rexistrada na Dirección Xeral do Catastro co nome de CORTIÑA, e situada no polígono: 8, parcela: 1096, do Concello de Láncara, según o cal posúe unha superficie total de: 13.052 m².

Plan Xeral Ordenación Municipal de Láncara, en su apartado:
CAPÍTULO 12. CONTROL DAS ACTUACIÓNS

ART. 12.13. REQUISITOS PARA O OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE EDIFICACIÓN

4.- En solo Rústico

Para outorgar licenza ou autorizar calquera clase de edificación ou instalación en solo rústico deberase xustificar o cumprimento das condicións establecidas:

- a) Acceso rodado público adecuado á implantación.
- b) Abastecemento de auga.
- c) Evacuación e tratamento de augas residuais
- d) Subministro de enerxía eléctrica
- e) Recollida, tratamento, eliminación e depuración de toda clase de residuos.
- f) Se for o caso, previsión de aparcadoiros.
- g) Corrección de repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.
- h) Cumprimento das demais condicións (uso, edificación, posición, etc.) que se especifican neste Plan Xeral.

Estas solucións deberán ser asumidas polo promotor da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso e achegando as garantías esixidas para os efectos pola administración.

Cumpre

3º Que a finca sobre a cal se pretende intervir atópase en terreos clasificados como SOLO DE RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA, recollido na disposición transitoria 11ª da lei 2/2010, do 25 de marzo de medidas urxentes da modificación da lei 9/2002, nos artigos 33 e 37. Art. 33 Usos y actividades en suelo rústico, apartado 2: actividades e usos construtivos. Artículo 37º.- Suelos rústicos de especial protección agropecuaria, forestal o de infraestructuras.

<<2. Suelo rústico especialmente protegido, constituido por los terrenos que por sus valores agrícolas, ganaderos, forestales, ambientales, científicos, naturales, paisajísticos, culturales, sujetos a limitaciones o servidumbres para la protección del dominio público o de otra índole deban estar sometidos a algún régimen especial de protección incompatible con su transformación, de acuerdo con lo dispuesto en este apartado. Dentro de este tipo de suelo rústico especialmente protegido se distinguirán las siguientes categorías:

- a) Suelo rústico de protección agropecuaria, constituido por los terrenos de alta productividad agrícola o ganadera, puesta de manifiesto por la existencia de explotaciones que la avalen o por las propias características o potencialidad de los terrenos o zonas donde se enclaven, así como por los terrenos objeto de concentración parcelaria a partir de la entrada en vigor de

la Ley 9/2002 y por los terrenos concentrados con resolución firme producida en los diez años anteriores a esta fecha, salvo que hayan de ser incluidos en la categoría de suelo rústico de protección forestal.

No obstante, el plan general podrá excluir justificadamente de esta categoría los ámbitos colindantes sin solución de continuidad con el suelo urbano o con los núcleos rurales que resulten necesarios para el desarrollo urbanístico racional, que serán clasificados como suelo urbanizable o incluidos en la delimitación de los núcleos rurales, respectivamente.

d) Suelo rústico de protección de las aguas, constituido por los terrenos, situados fuera de los núcleos rurales y del suelo urbano, definidos en la legislación reguladora de las aguas continentales como cauces naturales, riberas y márgenes de las corrientes de agua y como lecho o fondo de las lagunas y embalses, terrenos inundados y humedales y sus zonas de servidumbre.

Asimismo, se incluirán en esta categoría las zonas de protección que a tal efecto delimiten los instrumentos de planeamiento urbanístico y de ordenación del territorio, que se extenderán, como mínimo, a la zona de policía definida por la legislación de aguas, salvo que el plan justifique suficientemente la reducción. Igualmente, tendrán dicha consideración los terrenos situados fuera de los núcleos rurales y del suelo urbano con riesgo de inundación, y aquéllos bajo los cuales existan aguas subterráneas que deban ser protegidas.

No obstante lo anterior, las corrientes de agua de escasa entidad que discurren dentro del ámbito de un sector de suelo urbanizable quedarán debidamente integradas en el sistema de espacios libres públicos, con sujeción al régimen de suelo urbanizable>>.

4º A Construción dunha nave agrícola para almacenamento de maquinaria cunha superficie de 330 m², unhas dimensións aproximadas debido a irregularidade da planta de:

35,67 x 10,5 m, unha altura: 5 m, e un presuposto de execución material de: 32.255,05 €.

Plan Xeral Ordenación Municipal de Láncara, no seu apartado:

Capítulo 51. SOLO DE RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA:

Art. 51.3.- USOS E ACTIVIDADES PERMITIDOS:

1 - Serán permitidos ou autorizables os usos e actuacións indicados co código S.R.P.AG. na táboa do art. 49.4 e tras o trámite, municipal ou autonómico, correspondente:

Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales como as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacén agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros ou outras análogas.

CAPITULO 54. SOLO RÚSTICO DE PROTECCION DE AUGAS (S.R.P.A.) Art. 54.2 CONDICIÓN XERAIS

1. A protección de leitos e ribeiras regúlase pola Lei de augas (Real Decreto Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo) e o RO. 849/1986 de 11 de abril modificado polo RO. 606/2003, do 23 de maio, polo que se establecen as zonas protección do Dominio Público Hidráulico e as autorizacións de obras e vertido, que establecen as proteccións das augas superficiais e das subterráneas renovables, tanto correntes naturais, continuas ou descontinuas, lagos ou lagoas, como de acuíferos subterráneos.

Art. 54.3 NORMAS DE PROTECCIÓN

1. Nos casos en que sexa preceptivo, darase estrito cumprimento ao establecido nos Decretos da Xunta de Galicia nº 442/90 e 327/91, e nos Reais Decretos 1302/86 e 1131/88, procurando evitar a localización de instalacións e edificios asociados a estes usos nas faixas de protección.

Art. 54.7 CONDICIÓN DA EDIFICACIÓN

A características da edificación a realizar, neste tipo de solo, recóllese no capítulo 54 do P.X.O.M. de Láncara, actualmente en vigor. No seu art. 54.7 CONDICIÓN DE EDIFICACIÓN infórmanos que serán de aplicación as dispostas para o solo rústico enumeradas no art. 49.6:

2 CONDICIÓN DE EDIFICACIÓN NON RESIDENCIAL

- a) As fachadas e cubertas formadas por planos continuos, sen quebros nas pendentes.

CUMPRE

- b) Fachadas: poderán ser de cantaría ou cachotería sen revestir. En caso de revestimentos estes serán de morteiro pintado ou estucos de exteriores.

PROXECTO: PANEIS METALICOS DE COR. NON CUMPRE

3. CONDICIÓN DA EDIFICACION (S.R. PROTECCIÓN DE AUGAS)

	P.X.O.M.	PROXECTO	
Parcela mínima:	5.000 m ²	13.052 m ²	Cumpre
Ocupación máxima:	40% establecementos Acuicultura	18,74%	Cumpre
	20% nos restos dos casos.		
Volume máximo:	Similar as edificacións tradicionais existentes no entorno.	SI	Cumpre
Altura max:	3.50 m	5.00 m.	NON CUMPRE
Pendente max. Cuberta:	30°	20%	Cumpre

NON CUMPRE

Os terreos onde se pretende realizar a edificación, atópanse afectados pola zona de Protección de cauces, rexistrado no capítulo 68.

art. 68.7:

Segundo o disposto na Lei de Augas (Real Decreto Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo) e R.O. 849/1986 de 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, modificado parcialmente polo R. D.606/2003 do 23 de maio.

Integran o dominio público e hidráulico os seguintes bens: as augas continentais, tanto as superficiais como as subterráneas renovables con independencia do tempo de renovación, os leitos de correntes naturais, continuas ou descontinuas, os leitos dos lagos e lagoas e dos encoros superficiais en leitos públicos e os acuíferos subterráneos, para os efectos de disposición ou de afección dos recursos hidráulicos.

Polo que precisará precisará autorización administrativa previa do Organismo de conca, que será independente de calquera outra que deba ser outorgada polos distintos órganos das administracións públicas.

E polo que se informa desfavorable.”

Promovida autorización administrativa perante a Confederación Hidrográfica Miño-Sil polo interesado, con data 7 de abril ten entrada no rexistro xeral do Concello a petición de informe nº ref. A/27/26230.

Examinada a documentación a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Requirir a don Teófilo Sobrado Farelo para que achegue proxecto técnico modificado para a construción dunha nave almacén agrícola no Lugar de Leirado, parroquia de San Pedro de Armea de Arriba, concello de Láncara, que cumpra coas determinacións do planeamento xeral do concello de Láncara tal e como se indica no informe técnico antes transcrito.

Segundo.- Dar traslado deste acordo á Confederación Hidrográfica Miño-Sil en contestación á petición de informe nº ref. A/27/26230.

3.- Cambio de titularidade actividade.

3.1.- Solicitud de don José Miguel Valcárcel Arias para cambio de titularidade da licenza para derribo parcial e ampliación de establo, fosa de xurro e almacén, no lugar de Seoane

Considerando que a solicitude formulada non reúne os requisitos esixidos regulamentariamente xa que non é posible que a explotación agropecuaria principal é a ampliación teñan titulares distintos, polo que debe aportar

- Comunicación previa e declaración responsable de cambio de titularidade da actividade agropecuaria sita en Lg Seoane, parroquia de Santalla de Lagos

- Autorización e documento que habilite a dita transmisión de don José Valcárcel Rigueiro.

- Aceptación do novo titular, don José Miguel Valcárcel Arias

E polo que a dita solicitude deberá ser completada cos documentos anteriores,

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Requirir a don José Miguel Valcárcel Arias ó abeiro de canto se dispón no artigo 71 da lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no prazo de **DEZ DÍAS**, a contar dende o seguinte á recepción da presente notificación, para que subsane a devandita solicitude; de non ser así, terase por desistida da súa petición logo da resolución, que deberá ser dictada nos termos previstos no artigo 42 da lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

4.- Escritos varios.

4.1.-Escrito de Don José Armando Rey Rodríguez, presentando alegacións sobre atribucións profesionais dos arquitectos e enxeñeiro técnicos agrícolas, en relación ao proxecto básico e de execución de ampliación de nave avícola para cebo de polos, promovida por Avícola e Gandeira Carril S.C, en Souto –Muro

Logo de ler o artigo 10 da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación, que establece ó regular a titulación académica e profesional do proxectista que *“cando o proxecto a realizar teña por obxecto a construción de edificios para os usos indicados no grupo b) do apartado 1 do artigo 2, a titulación académica e profesional habilitante, con carácter xeral, será a de enxeñeiro, enxeñeiro técnico ou arquitecto e virá determinada polas disposicións legais vixentes para cada profesión, de acordo coas súas respectivas especialidades e competencias específicas”*.

Os usos do grupo b) apartado 1 do artigo 2 son *“b) Aeronáutico; agropecuario; da enerxía; da hidráulica; mineiro; de telecomunicacións (referido á enxeñería das telecomunicacións); do transporte terrestre, marítimo, fluvial e aéreo; forestal; industrial; naval; da enxeñería de saneamento e hixiene, e accesorio ás obras de enxeñería e a súa explotación”*.

En consecuencia, basta ler o apartado 2.a) do artigo 10 da LOE para recoñecer que tamén ós arquitectos se lles atribúe a competencias sobre os edificios definidos no artigo 2.1.b) de dita Lei (entre os que están os edificios de uso agropecuario).

Tendo en conta que segundo o citado artigo 10 o proxectista é o axente que redacta o proxecto.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Desestimar a solicitude formulada polo Presidente do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Lugo, don José Armando Rey Rodríguez, de rexeitamento da competencia do arquitecto para a redacción do proxecto básico e de execución de ampliación de nave avícola para cebo de polos, toda vez que segundo o artigo 10 da LOE o redactor do proxecto para os usos agropecuarios pode ser indistintamente un enxeñeiro, enxeñeiro técnico ou arquitecto.

4.2.- Escrito de don José María Álvarez Vilabril, secretario da Asociación de Veciños Ruta Real comunicando a súa inscrición no Rexistro Provincial de Asociacións

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Tomar coñecemento da constitución e contido da acta fundacional e estatutos da Asociación de Veciños Ruta Real.

4.3.-Escrito de don Santiago Cubillas Álvarez, solicitando o Polifuncional de A Pobra para unha charla con gandeiros o próximo mércores día 13 de abril as 11:30 horas.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Acceder ó solicitado.

4.4.- O de Adif nº 53-16, no que expoñen as deficiencias de sinalización no paso a nivel clase C do P.K.409/597, línea férrea Palencia –A Coruña, traxecto Sarria-Pobra de San Xiao, denominado estrada de Nadela a Campos de Vila.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Dar traslado do escrito de ADIF ó traballador José Luis Varela Fernández para que comprobe as carencias na sinalización existente respecto das esixencias da normativa de estradas e da rede ferroviaria aportadas ADIF.

4.5.- O da Xerencia Territorial do Catastro, comunicando o coeficiente de actualización dos valores catastrais que á Dirección Xeneral do Catastro vai propoñer para o exercicio 2017 é de 1,07, sempre que se cumpran o resto de requisitos establecidos no artigo 32.2 do texto refundido da Lei de Catastro Inmobiliario.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Desistir da solicitude de aplicación do coeficiente de actualización de valores catastrais neste municipio para o exercicio 2017.

4.6.- O do Instituto Nacional de Estatística, comunicando a proposta da cifra de poboación a 1 de xaneiro de 2016, que ascende a 2702 habitantes.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Tomar razón da cifra de poboación proposta polo INE a 1/01/2016.

4.7.- O de don Antonio Grandas López, solicitando se retiren as árbores caídas no camiño de Cereixusaos-Cedrón que dá acceso a “casa Maside”.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Requirir informe do traballador Marcos Vázquez Marey sobre o estado do camiño Cereixusaos-Cedrón no que se inclúan propostas sobre as medidas a adoptar.

4.8.- O da Secretaria Xeral Técnica e do Patrimonio, Consellería de Facenda, comunicando os impedimentos que impón a DA 7ª da lei 11/1995 de 28 de decembro, para a cesión definitiva do inmovible da antiga Cámara Agraria Local a favor do Concello.

Extraer do teor literal da DA 7ª da dita lei a consecuencia de que a única posibilidade é a venda do inmovible ó Concello de Láncara non é admisible, xa que o artigo 82.1 da Lei 5/2011 de patrimonio de Galicia prevé que *“Os bens e dereitos patrimoniais da Comunidade Autónoma de Galicia poden ser cedidos gratuitamente para a realización de fins de utilidade pública ou interese social a outras administracións públicas, fundacións públicas e entidades sen ánimo de lucro, sempre que a súa afectación ou explotación non se estimase previsible”*.

Por outra banda, aproveitamos a ocasión para lembrarlle as obrigas de uso, conservación e rehabilitación que como propietarios lles impón a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e nomeadamente o seu artigo 135 “1. Os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións haberán de:

c) Conservalos nas condicións legais para servir de soporte a ditos usos e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles.

d) Realizar os traballos e as obras necesarias para satisfacer os requisitos básicos da edificación establecidos nas normas legais que lles sexan esixibles en cada momento”.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Reiterar a solicitude de cesión gratuita do inmovible da antiga Cámara Agraria Local a favor do Concello de Láncara por permitilo o artigo 82 da Lei 5/2011 de Patrimonio de Galicia con destino a fines de utilidade pública.

Segundo.- Requirir da Xunta de Galicia, propietaria do inmovible da antiga Cámara Agraria Local o cumprimento das súas obrigas de conservación para satisfacer os requisitos básicos da edificación.

4.9.- O da Fegamp, remitindo información sobre o Convenio de Puntos Limpos para así cumprir cos requisitos de recollida, almacenamento e clasificación de RAEE.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Prestar aprobación á adhesión do Concello de Láncara ó convenio de 30 de marzo de 2016 asinado entre o FEGAMP e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en materia de mellora nos puntos limpos e recollida, almacenamento e clasificación de RAEE.

Segundo.- Facultar ó alcalde para a sinatura do acordo de adhesión.

4.10.- Iván López Galán en representación de Mercantil Consulting Inmobiliario y de Ingeniería Franquean, S.L., solicitando a alta nos recibos de auga, lixo e sumidoiros na Rúa Benigno Quiroga, nº 4,1 B de Pobra de San Xiao.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeira.- Estimar a solicitude de don Iván López Galán dando de alta na tarifa de oficinas no servizo municipal de abastecemento de auga, lixo e sumidoiros con efectos de 2º trimestre 2016.

Segundo.- Dar conta ó funcionario encargado para que efectúe as oportunas correccións no padrón do citado servizo dando de alta a Mercantil Consulting Inmobiliario y de Ingeniería Franquean ,S.L. para o local situado en Rúa Benigno Quiroga Nº 41,baixo B, Pobra de San Xiao.

Terceiro.- Dar conta ó encargado de servizos municipais para que dé a alta no servizo municipal de abastecemento domiciliario de auga potable.

4.11.- Dona Elisa González Bande, solicitando a alta nos recibos de auga, lixo e sumidoiros na Rúa Benigno Quiroga, nº 79 5º A de Pobra de San Xiao.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeira.- Estimar a solicitude de dona Elisa González Bande dando de alta na tarifa doméstica no servizo municipal de abastecemento de auga, lixo e sumidoiros con efectos de 2º trimestre 2016.

Segundo.- Dar conta ó funcionario encargado para que efectúe as oportunas correccións no padrón do citado servizo dando de alta dona Elisa González Bande para Benigno Quiroga nº 79 5ª A de Pobra de San Xiao.

Terceiro.- Dar conta ó encargado de servizos municipais para que de a alta no servizo municipal de abastecemento domiciliario de auga potable.

4.12.- O de dona Mª Verónica López Alonso, solicitando permiso para colocar unha tarima diante do “café –bar Con-Vero” en Rúa Benigno Quiroga n 42 B de Pobra de San Xiao de 4,3X2 metros aproximadamente, deixando libre 1,20 m de beirarrúa.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Conceder, agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a D^a. M^a Verónica López Alonso, autorización para a ocupación privativa de carácter temporal do dominio público municipal na vía que da fronte ó bar “Con-Vero”, con destino á instalación dunha tarima de 4,3x2 metros na rúa Benigno Quiroga, 42 baixo.

A autorización concedida faise en precario, e estará sometida ademais ás seguintes condicións:

a).- A autorización terá unha duración do 1 de maio ó 31 de outubro de 2016.

b).- Para delimitar a tarima deberán de colocarse vallas-separadoras de material axeitado incluíndo pegatinas reflectantes visibles de noite.

c).- A limpeza da área ocupada, así coma a do seu contorno inmediato será da responsabilidade do autorizado.

d).- O horario de uso da tarima para terraza será o que teña autorizado o establecemento de que se trata.

e).- Non poderán instalarse altofalantes no exterior dos locais donde se exerce a actividade de bar.

Segundo.- Unha vez comprobadas as mesas colocadas liquidarase a taxa correspondente de conformidade coa ordenanza fiscal reguladora.

4.13.- O de A ANPA do Ramón Piñeiro de Láncara, solicitando que durante dous meses, ata o remate das clases, se faga cargo do custo das actividades de música e patinaxe dos alumnos do CPI Ramón Piñeiro o Concello

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Dar traslado da solicitude ó traballador Julio Neira para o estudo dos grupos, demanda e prezos con carácter previo a acceder ó solicitado.

5.- Aprobación padrón vados 2015-2016.

Confeccionado o padrón de vados do ano 2015 que contén 43 recibos por importe de 930,09 euros.

Confeccionado o padrón de vados do ano 2016 que contén 43 recibos por importe de 516 euros.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Prestar aprobación os padróns dos exercicios 2015 e 2016.

Segundo.- De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, o padrón aprobado exponse ao público nas oficinas do concello durante 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Esta exposición, por prazo de quince días dende a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Terceiro.- Contra as liquidacións incorporadas ao Padrón, todos os interesados poderán interpoñer recurso de reposición perante a Xunta de Goberno Local, segundo o disposto no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao remate da exposición ao público do Padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. Contra a desestimación do recurso de reposición poderase interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución expresa ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

O prazo de cobro en período voluntario abranguerá dende o día **15 de abril ata o 15 de xuño de 2016**. O pago realizarase mediante domiciliación bancaria ou en efectivo nas contas abertas do Concello nas entidades bancarias: Abanca, BBVA e Caixa Rural.

Transcorrido o período de cobro sinalado, iniciarase o período executivo que determina o dereito a percibir a recarga de prema e os xuros de demora, de acordo co previsto no art. 28 da Lei Xeral Tributaria. Satisfarase a recarga do 5% cando se ingrese totalmente a débeda tributaria antes da notificación da providencia de prema, sen que se esixan xuros de demora; satisfarase o 10% cando se ingrese totalmente a débeda tributaria con posterioridade á notificación da providencia de prema, e dentro do prazo establecido pola mesma, sen que se esixan xuros de demora; satisfarase o 20% cando non se ingrese a totalidade da débeda tributaria ou con posterioridade ao prazo concedido na providencia de prema, e se esixirán xuros de demora que correspondan ao inicio do período executivo.

6.- Aprobación do SAF mes de marzo.

Vista a relación de usuarios do SAF básico/dependencia que achega a traballadora social do Concello correspondente ó mes de marzo de 2016, cun total de 33 usuarios por importe de 3001,77euros.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Aprobar o Padrón de usuarios do SAF básico/dependencia.

Segundo.- Dar conta á tesourería municipal para que proceda a cargar os recibos nas contas facilitadas polos interesados.

7.- Vehículos de servizos sanitarios e Concello; relación de saídas.

Vistos os partes de saídas dende o 30-12-15 a18-03-16, presentados polos sanitarios e persoal do Concello, que comezan no km 53.463 e rematan no km. 55.943, total 2.480 kms.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015), por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Darse por enterada.

8.-Autorización terrazas.

Non houbo.

9.-Recoñecemento de trienios.

9.1.- Solicitud de Lucia Gundian López, auxiliar de axuda no fogar do Concello de Láncara, solicitando o recoñecemento do 3º trienio, xa que o 02-05-2016 cumpre 9 anos de servizos.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Estimar a solicitude formulada recoñecendo o cumprimento do 3º trienio a favor da auxiliar de axuda no fogar dona Lucía Gundian López, con efectos administrativos desde 02-05-2016 e económicos desde o 1 de xuño de 2016.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ó servizo encargado da confección de nóminas.

10.- Reclamación económico-administrativa contra acordos de alteración de titular catastral.

Recibido o acordo de alteración catastral por baixa de titular no expediente 00696382.27/14 documento 01571029 e dentro do prezo conferido ó efecto, formúlase recurso de reposición contra o citado acordo baseado nos seguintes feitos:

Con data 6 de outubro de 2015 a xunta de goberno local adoptou o acordo de devolver o expediente 00696382.27/134, e documento nº 01472593, correspondentes ao Caseto de Telefónica, **xa que a construción é de titularidade de Telefónica de España S.A.** CIF A-28015865, suxeito pasivo do expediente.

O título que habilita a ocupación por parte de **Telefónica de España S.A.** do dominio público local é un contrato de cesión de uso que data do ano 1998, pero que non supón a transmisión da propiedade do solo que a dita construción de natureza urbana ocupa.

O Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do catastro inmobiliario establece no seu artigo 6 que teñen a consideración de ben inmovible as construcións situadas nas porcións de solo calquera que sexa o seu dono e con independencia doutros dereitos que recaian sobre o inmovible e o ámbito espacial das concesións administrativas sobre os bens inmovibles.

O artigo 9 do mesmo texto legal establece que son titulares catastrais as persoas naturais e xurídicas dadas de alta no Catastro Inmobiliario por ostentar, sobre a totalidade ou parte dun ben inmovible, a titularidade dalgún dos seguintes dereitos:

b) Concesión administrativa sobre o ben inmovible ou sobre os servizos públicos a que se atopen afectos.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Interponer recurso de reposición contra o acordo de alteración catastral expediente 00696382.27/134, e documento nº 01472593, xa que a parcela rústica 27026A004014460000ZL **é de propiedade do Concello de Láncara**, parcela sobre a que ostenta Telefónica de España S.A. **un dereito de uso de 440 metros cadrados** onde se ubica a construción de referencia catastral 27026A004014460001XB.

11.- Autorización de gastos.

11.1.- Seguros municipais.

Vista a proposta de Seguros Bilbao para o seguro do vehículo LU-6377-M, Renault Trafic 1100 furgon T3, por importe de 349,73 €

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015), por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Prestar aprobación e autorizar e dispoñer o correspondente gasto.

11.2.-Proposta do Centro de Estudos Homologados Norte SLU, para impartir un curso de cociña de 18 horas e materiais de cociña, 1.100,00 €.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015), por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Prestar aprobación sempre que exista un mínimo de solicitantes do curso.

11.3.- Proposta de clases de zumba a impartir por Noemí Díaz García.

Vista a proposta de impartir clases de zumba, dous días á semana, en sesións de 45 minutos a razón de 160 euros/mes.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015), por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Prestar aprobación sempre que exista un mínimo de solicitantes das clases.

11.4.- Proposta para a adquisición da aplicación Gestiona.

Vista a oferta achegada por Auloce, SA para a implantación da plataforma "Gestiona" por importe de 474,03 euros/mes, con bonificación durante o primeiro ano dun 5% da cuota.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015), por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Prestar aprobación.

11.5.- Aprobación memoria valorada “Mellora de accesos a núcleos rurais e parcelas agrarias que dan servizo as casas de labranza no Concello de Láncara”

Vista a memoria valorada redactada por Marcos Vázquez Marey de “Mellora de accesos a núcleos rurais e parcelas agrarias que dan servizo as casas de labranza no Concello de Láncara” por importe de 12.900,54 euros máis IVE.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015), por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Prestar aprobación.

12.- Recoñecemento de obrigas por gastos autorizados e dispostos.

12.1.- Sociedad Estatal Correos y Telégrafos S,A, fac. nº 4001761282, pago franqueo correspondencia mes de marzo, 68,34 €.

12.2.- Efigal Norte SLU, fac. nº 099EF, 11º pago iluminación Villaesteva, 127,56 €.

12.3.- Efigal Norte SLU, fac. nº 100EF, pago 22º iluminación pública, 119,74 €.

12.4.- Airis Technology Solucións S.L, fac. nº 1242 iluminación pública Campo da Feira, 333,96 €.

12.5.- Limpergal,SL, fac. nº 44876, limpeza dependencia municipais, polideportiv, Campo Feira e baños pista de pádel de marzo, 845,43 €

12.6.- José Angel López Pérez, fac. nº 5 asistencia técnica urbanística mes de marzo, 1210,00 €

12.7.- Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., fac. nº 0759, tratamento RU mes de marzo, 6.315,32 €

12.8.- Overlease, fac. nº V216012004, aluguer batería, mes de abril 118,42 €

12.9.- José Manuel Fernández López,fac. Nº 003, actividades mes de marzo, 272,25 €.

12.10.- Orona, S. Coop, fac. nº 1604121681, revisión elevador 1º trimestre 2016, 290,40 €

12.11.- Electro Sarria, SLL fac. nº F16/57 mantemento alumeados públicos marzo, 768,51 €

12.12.- El Progreso, fac nº 3-11359, periódicos marzo, 281,79 €.

12.13.- Interdix Galicia S.L, fac. nº A/2016113 renovación dominios e aloxamento web, 123,42 €

12.14.- Utramic S.L., fac. nº 01-160222 recollida e xestión voluminosos, 1098,46 €

12.15.- Wurth,S.L., fac. nº 5, programa wintask nóminas, 2684,99 €

12.16.- Micromedia S.L. fac. nº 07881, ordenador auxiliar 899,00 €.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Recoñecer as obrigas que se liquidan polos importes cifrados a favor dos respectivos acredores.

13.- Recoñecemento de obrigas con simultánea autorización e disposición do gastos.

13.1.- Corchao Oil,S.L., fac. nº 1692, gasóleo Concello, 1050,30 €

13.2.- Bilbao Cia Anma de Seguros., fac. nº APSB000201600000513, 425,38 €

13.3.- Efigal Norte SLU., fac. nº 101EF farolas exterior, 399,78 €.

13.4.- Grafic-Lugo SL., fac. nº 47, sobres, 719,95 €

13.5.- Jorge Quinte Suazo., fac. nº 70, traballos no vehículo 8201-FDD, 1643,80 €

13.6.- José Manuel López López., fac. nº 1 201400101, traballos no vehículo 5744-GWT, 595,28 €.

13.7.- Moleskine, SL., fac. nº 11, máquina rotular, encadernadora, selo rifas espiral metálica, e destrutora papel para as oficinas, 604,31 €.

13.8.- Maquinaria Agrícola Corbar, S.L., fac. nº F-16/103, aluguer trituradora, 363,00 €.

13.9.- Electro Sarria, SLL., fac. nº F-16/58, traballos en alumeados públicos, 803,92 €

13.10.- Mariscos del Ortegal., fac. nº C875, mexillóns para a festa do mexillón, 1155,00 €..

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Recoñecer as obrigas que se liquidan a favor dos respectivos acredores e simultaneamente, autorizar e dispoñer os correspondentes gastos.

14.-Asuntos de urxencia.

Non houbo.

E non tendo máis asuntos de que tratar polo señor Alcalde-presidente levántase a sesión sendo as trece horas e corenta minutos do que eu, secretaria dou fe.